

## **CONCURSO LITERARIO “MICRORRELATOS DE TERROR”**

O equipo de Dinamización de Lingua Galega e a Biblioteca A Esperela convocan o concurso literario “ MICRORRELATOS DE TERROR”.

### **BASES:**

- 1. Os/as participantes presentarán creacións literarias orixinais e inéditas – e non premiadas noutros certames – en prosa, verso ou ambas modalidades.**
- 2. As obras deberán ter unha extensión máxima de 200 palabras incluíndo o título. Deberán estar redactadas en galego e escritas a man ou ordenador.**
- 3. O prazo de presentación rematará o luns día 7 de novembro no segundo recreo.**
- 4. Os microrrelatos entregaranse na biblioteca durante os recreos. Levarán o nome e o curso do autor/a. Recolleraos o persoal docente con garda de biblioteca e os meterá nun sobre grande.**
- 5. As obras poderán ser expostas.**
- 6. As obras serán avaliadas por unha comisión designada polo equipo da biblioteca A Esperela.**
- 7. Os premios serán os seguintes:**
  - 1er PREMIO: VALE DE 40 € para gastar nunha librería de Sada.**
  - 2º PREMIO : VALE DE 20 € para gastar nunha librería de Sada.**
  - 3º PREMIO: VALE DE 20 € para gastar nunha librería de Sada.**
- 8. O anuncio das obras gañadoras farase o día 10 de novembro no segundo recreo na biblioteca.**
- 9. A participación no certame implica a aceptación destas bases.**

**Mosteirón, 24 de outubro de 2022**

